

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 29 de maio de 2019, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación con criterios de valoración automática presentada polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento para os equipos Cisco Unified Computing System (UCS) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2019003128).*

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento para os equipos Cisco Unified Computing System (UCS) da Deputación de Pontevedra, e que é a seguinte:

LICITADOR	PUNTUACION SOBRE “B”
ECONOCOM SERVICIOS, S.A. (C.I.F.- A-28816379).	23,00
INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (C.I.F.- B-62758602).	16,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Presidente e o Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do devandito servizo e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

- **ECONOCOM SERVICIOS, S.A.**

Importe sen IVE:	6.155,76 €
IVE (21 %):	1.292,71 €
Importe total ofertado:	7.448,47 €

- **INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.**

Importe sen IVE:	9.018,58 €
------------------------	------------



IVE (21 %):	1.893,90 €
Importe total ofertado:	10.912,48 €

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, ECONOCOM SERVICIOS, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a empresa, ECONOCOM SERVICIOS, S.A., para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, a vinte e nove de maio de dous mil dezanove.

